



BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO CAS BASES XERAIS A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CUMES DA TERRA CHA IX”, DO QUE É PROMOTOR O CONCELLO DE RÁBADE

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos de **persoal de apoio** do Obradoiro Dual de Emprego “Cumes da Terra Cha IX”.

2. POSTO QUE SE CONVOCA: 1

Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO DE TRABAJO
1	Persoal de apoio

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO DE TRABAJO

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora será por un período de 9 meses, e será a 50% xornada.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo do concello, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

4. COMETIDO FUNCIONAL

- Será a persoa encargada de realizar os contratos laborais, nóminas de salarios, afiliación, liquidacións e cotización á Seguridade Social, transferencias, control de facturas e albaráns, confección de documentos e manexo das aplicacións informáticas precisas, na forma e prazos adecuados.
- Realizarán a base de datos e o arquivo do Obradoiro, tanto de persoal como dos medios, e será a persoa encargada da obtención e confección dos datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos, abastecementos, etc...
- Impartirá, de ser necesario, os módulos formativos complementarios e que garden relación cos estudos requiridos para este posto.
- Impartir os módulos transversais de: alfabetización informática, inserción laboral, técnicas de busca de emprego e o de creación de empresas.
- Preparar a documentación xustificativa do proxecto esixida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.





EMPREGO
GALICIA



OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA

Xacobeo 2027



Concello de Rábade

- Calquera outra función propia do seu cargo que lle encomende a Dirección.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

TITULACIÓN ACADÉMICAS

Posuír algunha das seguintes titulacións: Diplomado, Graduado ou Licenciado en Empresariais / ADE ou Licenciado ou Graduado en Ciencias Económicas ou Diplomado ou Graduado en Relacións Laborais, Licenciado en Dereito e Técnico Superior en Administración e Finanzas.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): CELGA 3 ou equivalente.

5.3 Experiencia profesional

Experiencia mínima de 12 meses coa titulación.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN

A articulación do proceso de selección está recollida na base xeral 8.

